

IV. OPOSICIONS E CONCURSOS**VALEDOR DO POBO**

RESOLUCIÓN do 29 de xullo de 2024 pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto de subdirector/a xeral da institución, convocado mediante a Resolución do 5 de xuño de 2024.

Mediante a Resolución do Valedor do Pobo, do 5 de xuño de 2024, aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de subdirector/a xeral do Valedor do Pobo.

A convocatoria publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 115 e no *Boletín Oficial* do Parlamento de Galicia nº 39, ambos do 14 de xuño de 2024.

Finalizada a tramitación do procedemento, no exercicio das funcións que me atribúe a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e o artigo 7.I) do Regulamento de organización e funcionamento,

RESOLVO:

Adscribir a Ricardo Pedro Ron Latas ao posto de subdirector xeral da institución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o Valedor do Pobo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2024

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo

